



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

ACTA Nº 2018/6
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, MÉRCORES 12 DE SETEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

María del Carmen Botana Cebeiro
Antonio González Barral
Ana María Seijo Mosquera
Ana Isabel Alonso Taboada
Jesús Sanjuás Mera
Jesús José Santasmarinas Devesa
Alejandro Bermúdez Devesa
Xabier Canabal Fernández
María del Carmen Soutullo Carolo
Iván Eiris Castro

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Toma de posesión do concelleiro**
- 3. Xuramento ou promesa do cargo de concelleiro**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

4. Nomeamento do membro do Padroado e do vogal da comisión de contas en substitución do concelleiro cesado

5. Aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas para turismo enolóxico

6. Constitución da mesa local de coordinación institucional contra a violencia de xénero

7. Aprobación da modificación presupostaria 4/2018

8. Aprobación da Conta Xeral 2017

9. Rexeitamento da alegación presentada contra da acta do deslinde

10. Dar conta da aprobación do proxecto da actuación no Pico Sacro

11. Mocións núms. 59, 60 e 62 presentadas polo G.M. Veciñ@s

12. Información da alcaldía

13. Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS

As deliberacións correspondentes ós puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión e publicada na web municipal.

ACORDOS

1. Aprobación da acta anterior

Acéptase a puntualización efectuada polo Sr. Canabal e sen máis, cos votos a favor dos 2 concelleiros do GM Veciñ@s e os 8 do PP, apróbase a acta da sesión realizada o día 11 de xullo de 2018.

2. Toma de posesión do concelleiro

Na sesión plenaria realizada o 11 de xullo de 2018, tomouse razón da renuncia presentada polo concelleiro D. Perfecto Barcala Mosquera ao que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

substitúe D. Iván Eirís Castro cuxa credencial foi remitida pola Xunta Electoral Central e recibida no concello o día 30 de xullo de 2018, Rexistro de entrada nº 01509.

Polo que, se procede á toma de posesión do novo concelleiro D. Iván Eirís Castro, do que se da conta á Xunta Electoral Central.

3. Xuramento ou promesa do cargo de concelleiro

A continuación o concelleiro Iván Eirís Castro promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do estado

4. Nomeamento do membro do Padroado e do vogal da comisión de contas en substitución do concelleiro cesado

No Pleno realizado o día 11 de xullo, cesou como concelleiro desta corporación don Perfecto Barcala Mosquera. Así mesmo cesou nos órganos e comisións das que formaba parte, como eran o Padroado da Fundación Pedro Pérez e a Comisión de Contas.

Polo tanto, tense que nomear un novo membro que ocupe estes dous postos, polo que o Pleno da corporación, cos votos a favor dos 3 concelleiros do GM Veciñ@s e dos 8 do PP, acorda:

1 Designar a don Iván Eiris Castro como vogal núm. 2 do padroado da Fundación Pedro Pérez, quedando composto do seguinte xeito:

- **Presidente titular:** Manuel Fernández Munín
- Suplente: M^a Carmen Botana Cebeiro
- **Vogal 1:** Ana M^a Seijo Mosquera
- Suplente: Antonio González Barral
- **Vogal 2:** Iván Eiris Castro
- **Vogal 3:** Ángeles Villar Couto (Alcaldesa pedánea de Ledesma)
- **Vogal 4:** Manuel Cao González (Alcalde pedáneo de Ledesma)
- **Vogal 5:** director do CPI Antonio Orza Couto
- **Secretaria :** a da corporación municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

2 Designar a don Iván Eiris Castro como suplente do vogal 4 da Comisión de Contas deste concello, quedando composta polos seguintes membros:

Presidente titular	Manuel Fernández Munín
Suplente	María del Carmen Botana Cebeiro
Vogal 1	Jesús Santasmarinas Devesa
Suplente	Jesús Sanjuás Mera
Vogal 2	Alejandro Bermúdez Devesa
Suplente	Ana M ^a Seijo Mosquera
Vogal 3	Ana Isabel Alonso Taboada
Suplente	Antonio González Barral
Vogal 4	Xabier Canabal Fernández
Suplente	Iván Eiris Castro
Vogal 5	M ^a Carmen Soutullo Carolo

3. Publicar este acordo no BOP para os efectos oportunos

5. Aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas para turismo enolóxico

A Xunta de goberno en sesión que tivo lugar o 21/06/2018 aprobou provisionalmente o plan especial de infraestruturas e dotacións para turismo enolóxico en Boqueixón.

Con data 30/08/2018 recíbese no concello con rexistro de entrada nº 01668, o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, previo á aprobación definitiva do Plan Especial de infraestruturas e dotacións para turismo enolóxico en Pousada, no cal se indica que:

“ analizada a documentación remitida , non se observa reparo á mesma. O Concello deberá remitir á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio o plan especial aprobado definitivamente en soporte dixital debidamente dilixenciado, nos termos sinalados nos artigos 88 da LSG e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

212.2 aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En consecuencia **infórmase favorablemente** o plan especial de infraestruturas e dotacións para turismo enolóxico en Pousada, concello de Boqueixón”.

A vista do cal, o pleno da corporación cos votos a favor de tódolos concelleiros acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o plan especial de infraestruturas e dotacións para turismo enolóxico en Pousada- Boqueixón.

Segundo.- Publicar este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, con indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan e a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan á disposición do público.

Terceiro.- Remitir ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado para a súa inscrición.

Cuarto.- Unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, publicar no BOP o documento que conteña a normativa e as ordenanzas.

6. Constitución da mesa local de coordinación institucional contra a violencia de xénero

Considerando que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciáveis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

Considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero

Dentro do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón (2018 - 2022), "Área 8: violencia contra as mulleres", enmárcase esta actuación entre as "Medidas para impulsar unha rede municipal de protección e de actuación nos casos de denuncias".
O Concello de Boqueixón dispón do servizo do Centro de Información á Muller e mantén convenios de colaboración para a prestación de dito servizo nos Concellos de Touro e Vedra.

Como consecuencia do exposto con anterioridade o Pleno da corporación, cos votos a favor de tódolos concelleiros, acorda:

Primeiro. Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

- O Alcalde do Concello de Boqueixón ou concelleira/o en quen delegue, que a presidirá.

Vogalías:

- A Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade de Boqueixón, dona Ana María Seijo Mosquera
- Persoal do centro de información á muller (CIM) de Boqueixón, dona Yolanda Neira Cristobo
- Persoal dos servizos sociais municipais:

De servizos sociais municipais de Boqueixón:
Titular: dona María José Pereira Lareo
Suplente: dona Ana Anta Fernández

De servizos sociais municipais de Touro:
Titular: dona María Nieves González Mujico
Suplente: dona María Paz Gutierrez Abella



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

De servizos sociais municipais de Vedra:

Titular: dona Carmen Adela Sabio Sanz

Suplente: dona Ana Aldrey Pereira

- Representante da Garda Civil:
Titular: don Luís Alberto Rial Budiño, Sarxento, Comandante de Posto da Garda Civil de Lestedo.
Suplente: don José Ignacio Martínez Martínez, Sarxento, Comandante de Posto da Garda Civil de Arca.
- Representante da Subdelegación do Goberno:
Titular: dona Judit Fontenla Baró, Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno na Coruña.
Suplente: dona Enmanuela Díaz Castro-Rial, Xefa da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia.
- Representantes dos centros educativos:

Representante do CPI Antonio Orza Couto:
Titular: Santiago Quiroga García
Suplente: Florentina Rivadulla Taboada

Representante do CRA Boqueixón - Vedra "Neira Vilas":
Titular : María Elena García Iglesias
Suplente: Raquel García Fraga

Representante do CPI Plurilingue de Vedra
Titular: María Esther Facal Méndez
Suplente: Alba Carril Casanova

Representante do CEIP Ortigueira
Titular: Mirian Miramontes Borrajo
Suplente: J. Jaime Furelos Vázquez

Representante do CPI Fonte Díaz de Touro
Titular: María do Carmen Fernández Bouza
Suplente: Laura Fernández Cereijo



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

- Representantes de centros de saúde:

Centro de saúde de Boqueixón
Titular: María do Carmen García Juan

- Suplente: Antonio J. Álvarez García

Centro de saúde de Touro:
Titular: Mercedes García Rendo
Suplente: Rosario Rivas Mato

Secretaría: A directora do CIM, dona Cristina Carbajales Nouriño.

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunírase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Dase conta do Informe da Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, favorable á constitución da Mesa, e que reza como segue:

“Que o Alcalde do Concello de Boqueixón propón ao pleno a constitución da Mesa de Coordinación Interinstitucional Contra a Violencia de Xénero.

Mesa de Coordinación da cal formarán parte o Concello de Boqueixón e os Concellos de Touro e Vedra cos cales existen convenios de colaboración para prestar o servizo do Centro de Información á Muller acreditado en Boqueixón, e que ten entre as súas funcións a de fomentar o principio de igualdade e desenvolver accións para a prevención e eliminación da violencia exercida sobre a muller.

A posta en marcha da Mesa de Coordinación Interinstitucional Contra a Violencia de Xénero supón o promover a nivel local actuacións para erradicar a violencia de xénero así como contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións para tratar de eliminar a violencia machista e mellor atención ás vítimas.

Por todo elo informo favorablemente a proposta da Alcaldía de constitución da Mesa de Coordinación Interinstitucional Contra a Violencia de Xénero.”

7. Aprobación da modificación presupostaria 4/2018

No DOG do 18 xaneiro de 2017 saíu publicada a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproban as bases

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

reguladoras das axudas ao abeiro da medida Leader cofinanciadas co Feder no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014- 2020.

As referidas bases, establecen entre os criterios de valoración a creación de emprego directo (3 puntos) e a redución da taxa de cobro de abastecemento de auga á poboación xeral (10 puntos).

Con data 31 de marzo de 2017 o concello presentou unha solicitude de axuda económica para a execución do proxecto de “ aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros”, cuxo orzamento ascende a 67.476,28 €, sendo a subvención concedida de 58.474,94 € e a achega municipal de 9.001,34 €. Para facer fronte a esta achega municipal, o pleno da corporación en sesión do 13 de setembro de 2017 aprobou unha modificación orzamentaria con cargo ao Superávit, consignando o citado importe na partida 161.600,00. Coa presentación da solicitude tivéronse en conta, entre outros, os criterios anteriormente citados e en consecuencia a concesión da subvención foi acorde coa valoración obtida.

Posteriormente adxudicase o contrato para a execución do proxecto a empresa Clece S.A no importe de 65.479,45 €, polo que a achega municipal sería de 8.734,95 € e a subvención 56.744,50 €.

A empresa adxudicataria executou a obra e a xunta de goberno do 18 de outubro de 2017 aprobou a correspondente conta xustificativa . Con data 22/12/2017 a Axencia Galega de desenvolvemento rural ingresa na conta do concello 52.627,45 €, quedando pendentes de ingresar a anualidade 2018 que é de 4.117,04 €.

Tendo en conta que á data de presentación da solicitude o concello, non cumpriu o requisito de creación de emprego mediante a creación dunha praza fixa para o servizo de abastecemento nin levou a cabo a redución da taxa polo abastecemento de auga, procede efectuar unha minoración de 13 puntos na puntuación total o que supón unha redución do 15,99% na porcentaxe da axuda concedida, sendo esta polo tanto de 46.274,33 €.

Consecuentemente, a achega municipal total ascende a 19.205,11 € e tendo en conta que na anterior modificación presupostaria se efectuou unha consignación de 9.001,34 € (abonados 8.734,95 debido a baixa producida na adxudicación), procede ampliar a partida presupostaria 161.600,00 en 10.470,16 € a maiores da ampliación realizada en sesión plenaria do 13 setembro 2017. O motivo polo que se amplía a partida en 10.470,16 € en lugar de 10.203,78 € é que o crédito restante por importe de 266,39

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

(9.001,34-8.734,95) non se incorporou ao presuposto de 2018 posto que o aboamento total do proxecto efectuouse en 2017.

Consideracións xurídicas.

1/ O artigo 172 e seguintes da Lei Reguladora das facendas locais regulan os créditos presupostarios e as súas modificacións.

Aprobada inicialmente a modificación expoñerase ao público, previo anuncio no BOP, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal durante 15 días aos efectos de presentación de reclamacións. Se durante este prazo non se presentasen reclamacións, a modificación quedará definitivamente aprobada e no caso contrario o Pleno dispón de un mes para resolvelas.

Por todo o cal e tendo en conta o informe favorable da secretaria interventora , o Pleno da corporación, cos votos a favor dos 8 concelleiros do PP e, en contra dos 3 concelleiros do GM Veciñ@s, acorda:

1.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 4 do exercicio orzamentario 2018, con cargo ás transferencias do capítulo **6** (por importe de 4.689,15 €) e do capítulo **2** (por importe de 5.781,01) da área de gasto 9 ao capítulo **6** da área de gasto 1, tal como a continuación se detalla :

Á PARTIDA	TRANSFERENCIA	DAS PARTIDAS	IMPORTE
161.600,00	10.470,16	933.600,00	4.689,15
		920.220,00	1.914,62
		920.220,01	2.000,00
		920.231,00	1.866,39

2.- Con esta modificación o presuposto de ingresos e gastos queda tal e como a continuación se detalla:

Ingresos		Gastos	
Cap	P. Definitivo	Cap	P. Definitivo
1	870.000,00	1	1.371.497,37

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

2	35.000,00	2	1.422.029,96
3	425.000,00	3	0,00
4	1.657.657,00	4	30.000,00
5	1.000,00	5	15,67
6	0,00	6	1.030.187,30
7	299.945,70	7	0,00
8	3.000,00	8	3.000,00
9	213.042,36	9	0,00
Total	3.504.645,06	Total	3.856.730,30

3.- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro edictos e na páxina web municipal durante 15 días aos efectos de presentación de posibles reclamacións e considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse ditas reclamacións.

8. Aprobación da Conta Xeral 2017

A comisión de contas na sesión que tivo lugar o día 30 de maio de 2018, informou favorablemente a conta xeral do ano 2017 cos votos a favor do PP e en contra do GM Veciñ@s. Estivo exposta ó público e non se presentaron reclamacións.

Cos votos a favor dos 8 concelleiros do PP e en contra dos 3 do GM Veciñ@s, o Pleno da corporación acorda:

1 Aprobar a conta xeral do ano 2017, que reflicte os seguintes datos:

Resultado orzamentario: 852.760,97 euros
Remanente de Tesouraría: 2.077.776,32 euros
Aforro Bruto: 642.778,67 euros
Aforro Neto: 604.299,97 euros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

2 Remitir a conta xeral ó Tribunal de Contas

9. Rexeitamento da alegación presentada contra da acta do deslinde

Con data 30 de abril de 2018, realizouse o deslinde do camiño no sitio da Revolta, parroquia de Vigo na zona lindeira entre as parcelas 420 e 417 do polígono 10 e parcela 632 do polígono 503, en presenza da avogada dona Jacoba Millán e do enxeñeiro técnico agrícola don Cándido Rodríguez en representación dos propietarios da parcela número 420 , e da avogada dona Mercedes Bugallo e do arquitecto técnico don Manuel Rañó en representación dos propietarios das parcelas 417 e 632.

Con data 14/05/2018 foilles remitida a correspondente acta as partes interesadas propietarias das referidas parcelas.

Con data 11/06/2018 don José Juan Vilela Miguez comunica ao Concello a súa conformidade e con data 10/07/2018 don Carlos e dona Nieves Iglesias Martínez, presentan unha alegación de desconformidade co trazado do camiño e solicitan que se reconsidere dito trazado no que se refire aos puntos 2 e 3 debendo situarse o trazado no linde leste da parcela 420.

Feitas as comprobacións pertinentes e tendo en conta que o deslinde efectuado polos técnicos fundamentase nos datos da concentración parcelaria da zona, considerándose en consecuencia correctamente realizado o deslinde, o Pleno coa abstención dos 3 concelleiros do GM Veciñ@s e cos votos a favor dos 8 concelleiros do PP, acorda:

PRIMEIRO.- Rexeitar a alegación presentada por don Carlos e dona Nieves Iglesias Martínez contra o deslinde e a correspondente acta de deslinde previo do camiño municipal efectuado na zona lindeira entre as parcelas cos seguintes datos catastrais,

- Polígono 10 Parcela 420
- Polígono 10 Parcela 417
- Polígono 503 Parcela 632

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo ás partes interesadas aos efectos que consideren oportunos.

10. Dar conta da aprobación do proxecto da actuación no Pico Sacro

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

A Xunta de Goberno realizada o día 19 de xullo de 2018 adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar o Proxecto modificado “Actuacións no Pico Sacro”, coas correspondentes modificacións cronolóxicas de execución de obras, re axustes de obras e orzamentarios que non afectan o orzamento total.

O Proxecto modificado inclúe as seguintes actuacións no 2018:

01. Actuacións no entorno do Pico Sacro. Presuposto base licitación: 70.267,28 €

01.1 Depósito

01.2 Limpeza covas

01. Roteiro camiños de Santiago. Presuposto base licitación: 146.947,38 €

01.3 Modificación parcial no roteiro Camiño de Santiago- Centro de Interpretación- Pico Sacro.

02. Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro Presuposto base licitación: 82.785,34 €

Actuacións previas

Albanelería

Acabados

Carpinterías

Instalacións

Presuposto total base de licitación: 300.000€

2.- Aprobar a solicitude de modificación do Proxecto “Actuacións no Pico Sacro” xullo 2018 Á Axencia de Turismo de Galicia, coa aportación da seguinte documentación recollida no art. 12, punto 3 da Resolución pola que se establecen as bases de reguladoras:

- Proxecto modificado “Actuacións no Pico Sacro”.

- Memoria/ informe técnico xustificativa de modificacións coa relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

- Orzamentos e cronoloxía modificados e adaptados.

3.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia un pagamento anticipado de 150.000€ correspondente ó 50% do importe total da segunda anualidade 2018.

4.- Dar conta deste acordo na próxima sesión plenaria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

5.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

Do que se dan por enterados.

11. Mocións núms. 59, 60 e 62 presentadas polo G.M. Veciñ@s

Moción núm. 59

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O amianto ou asbesto é un mineral cunha gran resistencia ás altas temperaturas, por este motivo foi moi empregado como aillante en fornos, calefaccións, tuberías, pezas de motores de vehículos e en múltiples materiais de construción coma as pranchas empregadas para o recubrimento de tellados (uralitas).

As autoridades médicas demostraron, fai anos, que os produtos relacionados co amianto provocan cancro, cunha elevada mortalidade. Dende 1977 a Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro (IARC) dependente da OMS recoñecía que:

“En los seres humanos, la exposición a todos los tipos de amianto se ha traducido en una alta incidencia de cáncer de pulmón y mesoteliomas. Igualmente, un exceso de riesgo de cáncer del tracto gastrointestinal y de laringe han sido comprobados.”

En 1987 a IARC inclúe ao amianto no grupo I de carcinoxenicidade (tipoloxía de maior grao).

No noso país, espéranse un total de 40.000-50.000 mortes a causa do amianto, de eiquí ao 2040.

En España dende o ano 2001 prohíbese a produción, comercialización e instalación de amianto e os seus derivados.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

No tocante ao noso municipio consideramos que a poboación non dispón de información suficiente sobre os procedementos de recollida e tratamento deste tipo de materiais.

Lamentablemente non é inusual ver anacos de uralita nos contedores de lixo, tirados en camiños... debido ao descoñecemento de que facer con estes materiais ou ben á imposibilidade de poder afrontar o custo económico que supón contratar unha empresa especializada en desamiantado.

Outro interrogante que nos xorde é se a empresa que presta o servizo de recollida de lixo está procedendo a retirada e almacenamento destes residuos así coma que se está a facer no punto limpo municipal neste senso.

Tendo en conta que a recollida destes residuos de construción é competencia municipal, en base á normativa vixente, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

ACORDOS:

1. Que o Concello inste á elaboración e publicación dun informe sobre a situación actual da xestión de residuos de fibrocemento, á empresa adxudicataria da recollida de lixo.
2. Que os servizos municipais elaboren un inventario de inmobles públicos (escolas unitarias, locais sociais...) que conteñan amianto; e no caso de existir algún inmovble con uralitas con amianto elaborar un plan urxente de actuación para a súa eliminación.
3. Que se promova a instalación dun servizo de recepción de residuos domésticos con amianto, no punto limpo.
4. Que se poñan en marcha campañas de información aos veciños onde se recollan os seguintes aspectos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

- Información sobre se as súas vivendas poden conter amianto e o risco que supón a súa inaxeitada manipulación.
- Protocolo a seguir tras a súa detección.
- Información sobre os programas e axudas económicas neste eido.

Acórdase eliminar os puntos 1 e 3 desta moción, e en consecuencia, cos votos a favor de tódolos concelleiros acórdase:

1 Que os servizos municipais elaboren un inventario de inmobles públicos (escolas unitarias, locais sociais...) que conteñan amianto; e no caso de existir algún inmovble con uralitas con amianto elaborar un plan urxente de actuación para a súa eliminación.

2 Que se poñan en marcha campañas de información aos veciños onde se recollan os seguintes aspectos:

- Información sobre se as súas vivendas poden conter amianto e o risco que supón a súa inaxeitada manipulación.
- Protocolo a seguir tras a súa detección.
- Información sobre os programas e axudas económicas neste eido.

Moción núm. 60

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: O grupo Municipal de Veciñ@s presentou no pasado 2016, unha iniciativa ao fin de priorizar varias obras no Concello de Boqueixón. Tratábase do aglomerado das estradas de Loureda ao límite co Concello de Santiago, a vía de Ledesma a Codeso por Sucira, ademais da vía do Pico Sacro a Milleirós, incluíndo as dúas perpendiculares interiores dende a Avenida de Castrelo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

SEGUNDO: Con bo criterio, o grupo de goberno atendeu a boa parte das peticións do grupo de Veciñ@s; están aglomeradas as dúas transversais de Milleirós e a vía de Lavacolla (no termo municipal de Boqueixón), estando en tramitación o tramo dende o Pico Sacro ao Campo de Fútbol e dende este ata o enlace co desvío da N-525.; ademais tamén en fase de tramitación se atopa o primeiro aglomerado na vía de Ledesma a Codeso.

TERCEIRO: A pesares que dende o Concello de Boqueixón non se fai unha orde de priorizacións, tal e como vimos solicitando dende o inicio do presente mandato, cómpre, ao noso criterio, seguir afondando na mellora dalgunhas infraestruturas municipais, e non só viarias, senón tamén medioambientais, de transporte, de mellora nas infraestruturas de servizos Sociais...

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1) Adecentamento do complexo Casa da Cultura de Boqueixón-Tanatorio municipal-Escola unitaria de Camporrapado e instalacións deportivas, consistente en:

- Mercar unha finca nas proximidades para o seu posterior acondicionamento, dada a necesidade de contar cunha zona de aparcadoiro.
- Ampliar o vial de acceso, dende a fábrica de Santos, con aglomerado e beirarrúas.
- Mellorar a zona axardinada circundante con colocación de papeleiras e bancos.
- Actuar sobre a Casa da Cultura eliminando as humidades existentes, colocando novos canalóns, substituíndo a pechadura da porta da entrada principal, repintando a balaustrada e colocando no frontispicio o nome do local.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

2) Segunda fase do vial Ledesma-Codeso engadindo o ramal existente dende o campo da festa de Oural ata Noente.

3) Saneamento

Revisión, actualización e mellora da rede de saneamento municipal coa introducción de métodos de depuración natural (saneamento sustentable); existen 2 grandes grupos:

- Métodos de tratamento mediante aplicación no terreo: infiltración lenta, rápida e fluxo superficial.
- Métodos de tratamento mediante sistemas acuáticos: humedais, lagunaxes, cultivos acuáticos (plantas flotantes).

4) Conveniar co Concello do Pino o aglomerado dos 400 m da estrada a Lavacolla dende o límite de Boqueixón co Concello de Santiago.

5) Conveniar co Concello de Santiago a compra e adecuación dunha finca no lugar da Susana para convertela nun aparcadoiro disuasorio.

Por unanimidade apróbase esta moción.

Moción núm. 62

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A morte súbita cardíaca é unha das causas máis frecuentes de morte nos países desenvolvidos; a súa incidencia mundial estímase en 3 millóns de casos/anuais, 400.000 deles en Europa Occidental. En España ten lugar unha media dunha parada cardíaca cada 20 minutos, ocasionando 4 veces máis mortes que os accidentes de tráfico.

A fibrilación ventricular é a responsable inicial de ata un 85% das paradas cardíacas extrahospitalarias; neste senso a efectividade da desfibrilación temperá na recuperación dun ritmo cardíaco eficaz é do 90% se a desfibrilación se fai no primeiro minuto de evolución; pero por cada minuto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

de retraso en desfibrilar redúcese esta nun 7-10%, de forma que despois de 10 minutos as posibilidades de sobrevivir son mínimas; é por iso que unha actuación protocolizada e a desfibrilación precoz son vitais.

A desfibrilación precoz é un dos eslabóns da chamada cadena de supervivencia que engloba tamén outros 3 puntos: o recoñecemento e alerta precoz, a reanimación cardio-pulmonar precoz e os coidados postresucitación.

O noso país está moi por detrás doutros do noso entorno, no que a nº de desfibriladores atinxe: hai 2,6 desfibriladores por cada 10.000 habitantes, fronte aos 11 de Alemaña, 12,9 do Reino Unido e Dinamarca, 18,5 de Francia o os 54,7 de Xapón.

Por iso a estratexia de situar desfibriladores en espazos públicos, onde se producen grandes concentracións de persoas, e a formación básica á poboación debe xeralizarse para acortar os tempos de resposta, mellorando o diagnóstico e tratamento das ECVs e incrementado así a supervivencia. Segundo as recomendacións de 2015 do Consello Europeo de Resucitación "a instalación de DESA en zonas onde se pode esperar unha parada cardíaca cada 5 anos considérase custo-efectivo e comparable a outras intervencións médicas"

A nosa comunidade ten regulado no Decreto 38/2017 do 23 de marzo (publicado no DOGA o 10/04/2017) a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, creándose un rexistro a tal efecto.

Por todo o anteriormente exposto, o GM de Veciños propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes,

ACORDOS:

1. Celebrar unhas xornadas de formación periódica en primeiros auxilios/soporte vital básico, dirixidas á poboación en xeral, nas instalacións municipais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

2. Instar a diversos colectivos/institucións (colexio, ANPA, empresas de transporte sanitario, Xunta, Deputación, concellos limítrofes, 061, sociedades científicas, colexio médico...) a participar activamente na realización destas xornadas.
3. Adquirir novos equipos de desfibrilación para o noso municipio.

Por unanimidade apróbase esta moción.

12. Información da alcaldía

Dase conta das resolucións ditadas pola alcaldía desde o día 7 de xullo ó 7 de setembro.

13. Rogos e Preguntas

O Sr. Canabal Fernández fai rogos e preguntas sobre:

- as pronunciadas e constantes baixas na contratación de obras
- o inminente peche dos cuarteis da Garda Civil
- a posibilidade de chegar a un acordo coa comandancia da Garda Civil para dedicar so pavillóns a vivendas sociais xestionadas polo concello.
- o parque de bombeiros comarcal.

A Sra. Soutullo Carolo fai rogos e preguntas sobre:

- a limpeza nos camiños do concello
- o campo de traballo “ Ponte cara a Historia”
- as queixas polo funcionamento do servizo de correos e sobre a información para que cubran a praza pendente de Boqueixón
- a utilización das cunchas de mexilón para o abono de fincas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/6
Sesión Plenaria
mércores 12 de setembro de 2018

- o programa de conciliación familiar para o curso 2018-2019.
- a ubicación dun poste na Silveira (fronte á casa de Juan de Abralles)
- a posibilidade de acollerse ás liñas de subvención para a creación da casa do maior (DOG 07/09/2018)
- a análise de augas nas fontes públicas.

O Sr. Eiris Castro fai rogos e preguntas sobre:

- os traballos para a eliminación de niños de avéspera velutina
- o Programa “Baches 0”
- as melloras no Centro de Saúde do Forte
- as augas de Donas
- internet e o cable
- os repetidores no Pumariño
- o POS 2019
- a elaboración de orzamentos participativos

As deliberacións e respostas están recollidas na acta multimedia gravada o día da realización do Pleno e que forma parte do expediente electrónico desta sesión.

Ás 23.20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, luns 17 de setembro de 2018

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín